F/2017/3978	11/12/17	FE17137021914109	12/11/17	193,52 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E ALUMEADO PUBLICO CABRIA VELLA 9201, 02-10- 2017/06-11-2017 CUPS: ES0397000005802367ZM1P	165	22100
F/2017/3980	12/12/17	FE17137021929282	12/11/17	112,91 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E ALUM. PUBLICO VISTA ALEGRE, 02-10-2017/06-11- 2017 9201CUPS: ES0397000005802080RV1P	165	22100
F/2017/3981	12/12/17	FE17137022224850	19/11/17	96,74 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E LAMEIRO 1013, 02-10- 2017/06-11-2017, CUPS: ES0022000007384944BE1P	323	22100
F/2017/3982	12/12/17	FE17137022232635	19/11/17	92,71 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E ALUM PUBLICO CURIO 0081, 04-10-2017/07-11-2017 CUPS: ES0397000005801920VH1P	165	22100
F/2017/3983	12/12/17	FE17137022246648	19/11/17	61,35 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E LAMEIRO 9712, 02-10- 2017/06-11-2017CUPS: ES0022000007892900VT1P	323	22100
F/2017/3984	12/12/17	FE17137022258778	19/11/17	335,05 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E ALUM. PUBLICO CAMPOLONGO 9100, 02-10- 2017/06-11-2017 CUPS: ES0022000007631814GX1P	165	22100
F/2017/3985	12/12/17	FE17137022273265	19/11/17	230,95 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E ALUM. PUBLICO VENTOSA 9202, 04-10- 2017/07-11-2017CUPS: ES0397000005802227PA1P	165	22100
F/2017/3986	12/12/17	FE17137022275984	19/11/17	107,65 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E ALUM. PUBLICO VEIGA 9201, 04-10-2017/07-11- 2017CUPS: ES0397000005802069RY1P	165	22100
F/2017/3987	12/12/17	FE17137022297200	19/11/17	238,49 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E ALUM. PUBLICO CURIO 9201, 04-10-2017/ 07-11-2017 CUPS: ES0397000005801595AS1P	165	22100
F/2017/3988	12/12/17	FE17137023625605	30/11/17	102,75 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E ALUM. PUBLICO CONDE 9002,27-10-2017/26-11-2017 CUPS: ES0397000005803354BA1P	165	22100
F/2017/3989	12/12/17	FE17137021911744	12/11/17	148,60 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E ALUM. PUBLICO FIGUERIDO 9201, 02-10- 2017/06-11-2017 CUPS: ES0397000005802545KE1P	165	22100
F/2017/3990	12/12/17	FE17137022238574	19/11/17	234,15 €	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E ALUM. PUBLICO CNO DE VELLO 0135, 01-10-2017/31- 10-2017, CUPS: ES0022000004989290CW1P	165	22100
F/2017/4037	14/12/17	AA17 000417	14/12/17	3.121,80 €	B15677024	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	REPARACIONES ALUMEADO PUBLICO E INSTALACIONES, (16/30 NOVIEMBRE 2017 )	165	22710
F/2017/4038	14/12/17	AA17 000416	14/12/17	2.456,30 €	B15677024	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	REPARACIONES ALUMEADO PUBLICO E INSTALACIONES,	165	22710

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

									(1/15 NOVIEMBRE 2017)		
F/2017/4085	23/12/17	A 2017/A/21712086	19/12/17	194,06 €	A15643687	REDES DE TELECOMUNICACION GALEGAS, S.A. - RETEGAL	SERVIZO RESGAL, (OUTUBRO/NOVEMBRO E DECEMBRO 2017)				
F/2017/4116	28/12/17	2017 1	28/12/17	500,00 €	G70340914	ASOCIACION CULTURAL OS CHARANGOS	ACTUACION MUSICAL CHARANGA OS CHARANGOS, ENTROIDO 2017			334	22609
F/2017/4117	29/12/17	A 2017/A/21703170	31/03/17	194,06 €	A15643687	REDES DE TELECOMUNICACION GALEGAS, S.A. - RETEGAL	SERVIZO RESGAL, (XANEIRO/FEBREIRO/MARZO 2017)				
F/2017/4118	29/12/17	A 2017/A/21706085	30/06/17	194,06 €	A15643687	REDES DE TELECOMUNICACION GALEGAS, S.A. - RETEGAL	SERVIZOS RESGAL, (ABRIL/MAIO,XUÑO 2017)				
F/2017/4121	29/12/17	Emit- 1747	19/12/17	1.936,00 €	B70413877	ESTUDIO TECNICO Y CONSULTORIA DE INGENIERIA INTEGRADOS, S.L.	PROXECTO SUBSTITUCION TUBAXES ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO AVDA FERROL			161	22706
F/2017/4122	29/12/17	Emit- 1746	19/12/17	847,00 €	B70413877	ESTUDIO TECNICO Y CONSULTORIA DE INGENIERIA INTEGRADOS, S.L.	PROXECTO RENOVACION REDE SANEAMIENTO AVDA. DOCTOR VILLANUEVA			160	22706
F/2017/4123	29/12/17	FA- 168	29/12/17	434,50 €	B79336590	HERBIN CONTROL PLAGAS, S.L.	SERV. CONTROL DE PRAGAS NO TERMO MUNICIPAL O 12/12/2017			311	22700
F/2017/4132	31/12/17	57248771	31/12/17	890,56 €	A78007473	LEASE PLAN SERVICIOS,S.A.	ALUGUER VEHICULO POLICIA LOCAL 1068JTL, (01/12/12-31/12/2017)			132	20400
F/2017/4133	31/12/17	V7 239	31/12/17	2.420,00 €	B15734478	VAZQUEZ GARZON, S.L.	LIMPIEZA VIARIA DICIEMBRE 2017			163	22700
F/2017/4134	31/12/17	V7 240	31/12/17	5.940,00 €	B15734478	VAZQUEZ GARZON, S.L.	RECOGIDA BASURAS DECEMBRO 2017			1621	22700
F/2017/4138	04/12/17	A-578	30/05/17	221,65 €	32645215G	AMENEIRO ANCA MANUEL	MATERIAL FERRETERIA VIAS E OBRAS, SERV. SOCIAIS E CULTURA. D. ADX				
F/2017/4139	15/12/17	303528	11/12/17	85,91 €	76415003X	CALVO TENREIRO ANA MARIA	REPROGRAFIA MES DE NOVEMBRO CULTURA. D. ADX			334	22199
F/2017/4143	21/12/17	A-610	21/12/17	155,40 €	32645215G	AMENEIRO ANCA MANUEL	MATERIAL FERRETERIA VARIOS DEPARTAMENTOS CONCELLO. D. ADX				
F/2017/4147	27/12/17	017/2017	26/12/17	266,20 €	76410682J	ALICIA FERNANDEZ	SUMINISTRO MATERIAL			334	22199



						MIGUEZ	OBRADOIRO NADAL, D. ADX		
F/2017/4148	29/12/17	15/2017	02/10/17	80,00 €	34881674N	MARTINEZ PILLADO, LORENA	3 RAMOS E AGASALLO CERAMICA XII FESTIVAL OUTONO, D. ADX	334	22601
F/2017/4149	29/12/17	7/01	29/12/17	406,56 €	76401359M	LOPEZ FARIÑA MARIA INES	TRABALLOS LIMPEZA BIBLIOTECA DECEMBRO. D. ADX	3321	22700
F/2017/4150	29/12/17	6/01	29/12/17	943,80 €	76401359M	LOPEZ FARIÑA MARIA INES	TRABALLOS LIMPEZA COUCEIRO FREIJOMIL DECEMBRO. D. ADX	323	22700
F/2017/4151	29/12/17	1 201300027	29/12/17	224,46 €	32617190Q	VILARIÑO GOMEZ Mª VIRGILIA	OBRADOIRO BOLAS NAVIDAD. D. ADX	334	22799

**TERCEIRO.-** Aprobar e recoñecer os seguintes gastos correspondente a facturas achegadas neste ano 2018 pero relativas a servizos prestados en 2017, por importe total de 19.224,64 euros, segundo o seguinte:

Nº Entrada	Data	Documento	Data Dto.	Importe	Terceiro	Nome	Texto	Progr	Econ
F/2018/556	04/03/18	FE18321257563553	21/02/18	292,90 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	E/E ALUM. PUBLICO O GROVE, 01/12/2017-31/01/2018 (CUPS ES0022000009019860WY1P)	165	22100
F/2018/557	04/03/18	FE18321257563552	21/02/18	111,42 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	E/E ALUM. PUBLICO CASTELO, 29/11/2017-30/01/2018, CUPS ES0022000008888239Y1P	165	22100
F/2018/558	04/03/18	FE18321257563550	21/02/18	120,58 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	E/E ALUM. PUBLICO BREAMO, 01/12/2017-01/02/2018, CUPS ES0022000008888243YH1P	165	22100
F/2018/559	04/03/18	FE18321257563551	21/02/18	735,74 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	E/E ALUM. PUBLICO VIDREIRO, 30/11/2017-30/01/2018, CUPS ES0022000008825715WG1P	165	22100
F/2018/560	04/03/18	FE18321257563487	21/02/18	1.845,78 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	E/E ALUM. PUBLICO CORUÑA 9201, 25/11/2017-17/01/2018, (CUPS ES0397000005803587KY1P)	165	22100
F/2018/561	04/03/18	FE18321257563491	21/02/18	580,38 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	E/E ALUM. PUBLICO TORREON, 26/11/2017- 28/01/2018 (CUPS ES039700000778262VQ1P)	165	22100
F/2018/562	04/03/18	FE18321257563494	21/02/18	948,51 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	E/E ALUM. PUBLICO ESTEIRO, 01/12/2017-01/02/2018, (CUPS ES0397000008185898PT1P)	165	22100
F/2018/563	04/03/18	FE18321257563492	21/02/18	426,27 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	E/E ALUM. PUBLICO CAMPOLONGO, 29/11/2017-01/02/2018 (CUPS ES0022000004989300CN1P)	165	22100
F/2018/564	04/03/18	FE18321257949166	22/02/18	1.465,49 €	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	E/E COUCEIRO FREIJOMIL, 27/11/2017 - 28/01/2018 (CUPS	334	22100

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

							S.A.	ES0397000005803593KN1P)		
F/2018/565	04/03/18	FE18321257563546	21/02/18	63,11 €	A08431090		GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	E/E BOMBEO VIZUS, 03/12/2017-01/02/2018 (CUPS ES0022000009020745VV1)	161	22100
F/2018/566	04/03/18	FE18321257563497	21/02/18	212,34 €	A08431090		GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	E/E VIZUS, 03/12/2017- 01/02/2018 (CUPS ES0397000005802279XD1P)	161	22100
F/2018/567	05/03/18	FE18321257563493	21/02/18	121,91 €	A08431090		GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	E/E BOMBEO VIZUS, 01/12/2017-31/01/2018 (CUPS ES0397000008248021HT1P)	161	22100
F/2018/569	05/03/18	FE18321257563489	21/02/18	2.530,82 €	A08431090		GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	E/E RICARDO SANCHEZ, 27/11/2017-24/01/2018 (CUPS ES0397000005805229TS1P)	165	22100
F/2018/570	05/03/18	FE18321257563488	21/02/18	662,83 €	A08431090		GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	E/E ALUM. PUBLICO RICARDO SANCHEZ, 30/11/2017- 0/01/2018 (CUPS ES0397000005805297AZ1P9)	165	22100
F/2018/571	05/03/18	FE18321257563495	21/02/18	852,11 €	A08431090		GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	E/E A GANDARA, 01/12/2017- 01/02/2018 (CUPS ES0397000005802679GH1P)	341	22100
F/2018/572	05/03/18	FE18321257563545	21/02/18	623,39 €	A08431090		GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	E/E ALUM. PUBLICO CABRIA NOVA, 29/11/2017-01/02/2018 (CUPS ES0022000009019863WD1P)	165	22100
F/2018/573	05/03/18	FE18321257563496	21/02/18	478,66 €	A08431090		GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	E/E ALUM. PUBLICO AS PEDRIDAS, 29/11/2017- 01/02/2018 (CUPS ES0022000007138403XH1P)	165	22100
F/2018/592	07/03/18	18 179	06/03/18	2.877,38 €	A15093081		ESTUD.TECNICO GALLEGO, S.A.	REDACCION DEL PROYECTO: PARQUE INFANTIL E BIOSALUDABLE (PAS 2015)	171	22706
F/2018/593	07/03/18	18 180	06/03/18	1.492,95 €	A15093081		ESTUD.TECNICO GALLEGO, S.A.	REDACCION PROXECTO: PAVIMENTACION ROSALES E EDUARDO PONDAL. POS+ 2017-C	151	22706
F/2018/636	12/03/18	FE18137002447318	04/02/18	226,11 €	A65067332		GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E ALUM PUBLICO, CUPS: ES0397000005802814XS1PLUG MEDIÑA 9201, 29-11-2017/01- 02-2018	165	22100
F/2018/639	12/03/18	FE18137002465241	04/02/18	31,36 €	A65067332		GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E CUPS: ES0397000005802231PF1P, LUG VIZUS 0034, 30-11- 2017/02-02-2018	323	22100
F/2018/640	12/03/18	FE18137002437265	04/02/18	236,13 €	A65067332		GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	E/E CUPS: ES0022000008195237YW1P, LUG ESPÍNEIRA 0172, 29-11-	1621	22100



								2017/01-02-2018		
F/2018/643	12/03/18	FE18137002474285	04/02/18	154,67 €	A65067332	S.U.R. SDG, S.A.	GAS NATURAL	E/E ALUM. PUBLICO CUPS: ES0397000005802652AZ1P, LUG SAN COSME 9205, 29-11- 2017/ 01-02-2018	165	22100
F/2018/646	12/03/18	FE18137002502192	04/02/18	476,30 €	A65067332	S.U.R. SDG, S.A.	GAS NATURAL	E/E ALUM. PUBLICO CUPS: ES0397000005802863NH1P, LUG RIOLONGO 9201, 29-11- 2017/ 01-02-2018	165	22100
F/2018/647	12/03/18	FE18137002504412	04/02/18	19,51 €	A65067332	S.U.R. SDG, S.A.	GAS NATURAL	E/E CUPS: ES0022000004989293CM1P, LUG LAMEIRO 9712, 29-11- 2017/01-02-2018	323	22100
F/2018/655	28/02/18	01/18	17/01/18	300,08 €	76412037B	LOPEZ ARNOSO JUANA MARIA		PINCHOS NADAL 2017	334	22105
F/2018/659	14/03/18	FE18137002469602	04/02/18	336,14 €	A65067332	S.U.R. SDG, S.A.	GAS NATURAL	E/E ALUM. PUBLICO CUPS: ES0397000005802651AJ1P, SAN COSME 9202, 29-11-2017/01-02- 2018	165	22100
F/2018/663	14/03/18	FE18137002501826	04/02/18	277,30 €	A65067332	S.U.R. SDG, S.A.	GAS NATURAL	E/E ALUM. PUBLICO CUPS: ES0397000005801998KG1P, XABROAL 9206, 29-11-2017/01- 02-2018	165	22100
F/2018/681	14/03/18	FE18137002680136	07/02/18	169,56 €	A65067332	S.U.R. SDG, S.A.	GAS NATURAL	E/E ALUM. PUBLICO CUPS: ES0397000005802837BS1P, REGA 9201, 29-11-2017/01-02- 2018	165	22100
F/2018/734	14/03/18	FE18137002478746	04/02/18	31,36 €	A65067332	S.U.R. SDG, S.A.	GAS NATURAL	E/E CUPS: ES0397000005802230PY1P, VIZUS 0034,1 IZ, 30-11-2017/02- 02-2018	323	22100
F/2018/751	12/03/18	50	05/12/17	456,60 €	79333781L	AIXA ROMAY REGUEIRO		CONCERTO NAVIDEÑO 2017	334	22699
F/2018/985	04/04/18	28	05/12/17	48,00 €	07964185K	TOME IÑIGO MARIA ISABEL		MATERIAL CABALGATA DE REIES 2018	334	22199
F/2018/988	04/04/18	38	27/12/17	18,95 €	07964185K	TOME IÑIGO MARIA ISABEL		MATERIAL DIVERSO CABALGATA DE REIES 2018	334	22199

**CUARTO.-** Dar traslado a Intervención para que efectúe as anotacións contables que procedan.

#### **7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA PRESIDENCIA.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### **"DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA PRESIDENCIA. SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 26/04/2018**

**Expediente: 2018/G006/000062**



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **149.2018** de 23 de marzo ao **187.2018** de 23 de abril, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2018/G003/00018 8	RECTIFICACIÓN DECRETO XUSTIFICACIÓN DO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS ANO 2017	00149/2018	23/03/2018
2018/G003/00019 1	INCIDENCIAS NÓMINA MES DE MARZO 2018.	00150/2018	23/03/2018
2018/G003/00019 2	RESOLUCIÓN NÓMINA MES DE MARZO 2018	00151/2018	23/03/2018
2018/G003/00018 5	RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO RELACIÓN FACTURAS F2018/3.	00152/2018	23/03/2018
2018/G003/00020 0	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 28.03.2018	00153/2018	23/03/2018
2018/G003/00019 3	ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (LIBRE CONCORRENCIA)	00154/2018	23/03/2018
2018/G003/00018 7	AMPLIACIÓN NA INTENSIDADE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA)	00155/2018	23/03/2018
2018/G003/00016 2	AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL	00156/2018	23/03/2018
2018/G003/00019 9	EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 4/2018, SUBEXPEDIENTE DE INCORPORACIÓN DE REMANENTES Nº 1/2018.	00157/2018	23/03/2018
2018/G003/00016 4	PAGO A XUSTIFICAR -SERVIZO APARTADO CORREOS XULGADO DE PAZ-.	00158/2018	23/03/2018
2018/G003/00019 8	CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS DE COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA COMPLEMENTARIA PARA REPARACIÓN DE DEFICIENCIAS NA CUBERTA DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME. Expte. 2018/C002/000001	00159/2018	23/03/2018
2018/G003/00019 7	APROBACIÓN BASES V CERTAMEN DO TEATRO AFEECCIONADO PONTEDEUME EN	00160/2018	27/03/2018



	OBRAS		
2018/G003/00020 2	PAGO DOS SEGUROS SOCIAIS, MES DE FEBREIRO DE 2018	00161/201 8	27/03/201 8
2018/G003/00020 3	Solicitud de subvención para actualización da xestión de entradas en edificios turísticos. Torreón dos Andrade, ano 2018.	00162/201 8	28/03/201 8
2018/G003/00015 4	CONVOCATORIA DO "XXVIII CONCURSO DE CONTOS VILA DE PONTEDEUME"	00163/201 8	28/03/201 8
2018/G003/00020 6	ORDENACIÓN PAGO RELACIÓN FACTURAS Nº F/2018/2 DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO.	00164/201 8	28/03/201 8
2018/G003/00006 7	ACTUACIÓNS PREVIAS A INCOACCIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA A DIVINA IGLESIAS SANMARTÍN - EXPTE: 2017/I002/000001	00165/201 8	02/04/201 8
2018/G003/00011 6	INCOACCIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA A JULIO ÓSCAR GARCÍA SANJUAN. EXPTE: 2017/I002/000007	00166/201 8	02/04/201 8
2018/G003/00010 5	INCOACCIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA A MARÍA SOLÍS MARTÍNEZ &#8211; EXPTE: 2016/U026/000072	00167/201 8	02/04/201 8
2018/G003/00011 5	ARQUIVO DE EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN A MARÍA MERCEDES NOVOA Y OTRO, C.B.	00168/201 8	02/04/201 8
2018/G003/00011 9	INCOACCIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA A JUAN FILGUEIRA PEÑA - ARDOBRICA, S.L. EXPTE: 2018/I002/000003	00169/201 8	02/04/201 8
2018/G003/00012 0	INCOACCIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA A ANTONIO BUSTABAD REGUEIRO. EXPTE: 2017/I002/000010	00170/201 8	02/04/201 8
2018/G003/00013 3	Decreto INICIO SANCIONADORES (BORJA*** E OUTROS)	00171/201 8	02/04/201 8
2018/G003/00020 8	CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E OBRA PARA INSTALACIÓN DE PARQUE INFANTIL NOS XARDÍNS DE LOMBARDERO (PAS Adicional 2015). EXPTE 2018/C005/000001	00172/201 8	02/04/201 8
2018/G003/00013 4	INICIO SANCIONADORES TRÁFICO (ANIDO *** E OUTRO)	00173/201 8	02/04/201 8

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2018/G003/00020 9	APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE, SUBCONTRATISTAS E SUBMINISTRADORES, XESTIÓN DE RESIDUOS E PROGRAMA DE TRABALLO PARA OBRA INSTALACIÓN DE CUBRECOLECTORES DE LIXO EN CAMPOLONGO E CENTROÑA (POS Adicional 2016) EXPTE 2017/C003/000005	00174/201 8	02/04/201 8
2018/G003/00020 7	Solicitud de subvención para a contratación de persoal para servizos mínimos municipais. PEL 2018 Deputación	00175/201 8	05/04/201 8
2018/G003/00020 1	AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL	00176/201 8	13/04/201 8
2018/G003/00021 1	Clasificación de Ofertas e Proposta de Adxudicación do Expediente de Contratación do Servizo: "Axuda no Fogar (SAF) Dependencia do Concello de Ponte deume. Prestacións novas" Expediente (TEDeC 2017/C004/000004)	00177/201 8	13/04/201 8
2018/G003/00021 2	Alta no servizo de axuda no fogar (libre concorrenzia)	00178/201 8	13/04/201 8
2018/G003/00021 3	BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS	00179/201 8	13/04/201 8
2018/G003/00021 5	CONCESIÓN AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA REPARACIÓN DA CUBERTA E ADECUACIÓN INTERIOR DO PAVILLÓN A CASQUEIRA (POS+ 2017). EXPTE: 2017/C003/000004	00180/201 8	13/04/201 8
2018/G003/00021 7	Aprobación proxecto modificado para a mellora da capa de rodadura na vía municipal no polígono de vidreiro	00181/201 8	13/04/201 8
2018/G003/00021 9	APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE, SUBCONTRATISTAS E SUBMINISTRADORES, XESTIÓN DE RESIDUOS E PROGRAMA DE TRABALLO PARA OBRA COMPLEMENTARIA REPARACIÓN DE DEFICIENCIAS DA CUBERTA DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME. EXPTE 2016/C003/000001	00182/201 8	13/04/201 8
2018/G003/00022 2	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS	00183/201 8	18/04/201 8



	XERAIS DO PLENO DE 23.04.2018		
2018/G003/00022 3	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 19.04.2018	00184/201 8	18/04/201 8
2018/G003/00023 3	PAGAMENTO MODELO 111- RETENCIÓNS IRPF MARZO 2018	00185/201 8	19/04/201 8
2018/G003/00023 9	APROBACIÓN LIQUIDACIÓN ORZAMENTO ANUALIDADE DE 2017	00186/201 8	23/04/201 8
2018/G003/00018 6	RELACION DE ALTAS, BAIAS E MODIFICACIONES DO PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES NO MES DE FEBREIRO 2018	00187/201 8	23/04/201 8

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde-Presidente D. Bernardo Fernández Piñeiro, en Pontedeume, a luns 23 de abril de 2017.”

Os/as membros presentes **TOMAN RAZÓN.**

#### **8. - ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.**

Toma a palabra Dna Ascensión de Vicente Olarte quen, polo Partido Popular, formula os seguintes **ROGOS**:

- 1.- Rogamos limpen as arquetas de augas pluviais que se atopan atascadas no Olmo
  - 2.Rogamos que pidan a Deputación ou a quen corresponda adecenten ou cambien os indicadores sitos fronte ao supermercado de O Cruceiro(Andrade) e nos arredores da ponte.
  - 3.- Vimos demandando durante varios plenos a limpeza de ríos e lavadoiros, hoxe traemos o que pensamos é urxente, o lavadoiro e fonte de Valdeviñatos. Atópanse invadidos pola maleza, rogamos procedan á súa limpeza e tamén do manantial da dita fonte.
  - 4.- Por petición veciñal solicitamos organicen máis actividades para maiores tales como excursións e outras actividades lúdicas.
  - 5.- O alumeado na praza Maestro Álvaro Vázquez Penedo leva moito tempo avariado, dixémosllo o mes pasado e a día de hoxe segue igual,rogamos o solucionen a maior brevidade.
- D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que xa se estivo varias veces no asunto se ben teñen que levantar toda a condución para dar co fallo.
- 6.- Solicitamos pinten os pasos de peóns da Avenida De Lombardero e tamén da Avenida De Ferrol,están deteriorados moitos deles no firme e todos na pintura, ata o punto que algún casi non se ve, có perigo que isto conleva (Xardín,Correos,Colexio,supermercados..) Algunhos deles son usados diariamente por nenos entre outros viandantes polo que consideramos urxente o seu pintado.
  - 7.- O final da beirarrúa da estación é imposible de usar por persoas con mobilidade reducida, carritos de bebé, etc,polo rebaixe que hai que salvar, solicitamos a súa adecuación para que poida ser usado por tódolos viandantes.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

8.- Solicitamos o axuste e reparación de varias lousas da Corredoira Das Virtudes. Algunhas das lousas arranxadas recentemente volven a estar desprendidas.

9.- Solicitamos se estude o modo de eximir do pago de taxas ás entidades culturais deportivas e asociativas ou calquer outra da nosa Vila, sempre e cando as actividades que desenrolen sexan sen ánimo de lucro.

Hai algúns plenos xa trouxemos este mesmo tema, pola protesta que nos fixeron chegar os veciños organizadores dun evento cultural no pobo.,na mesma plantexaban as súas dúbidas sobor si o pago da taxa por ocupación da vía pública era aboada por tódalas asociacións ás que correspondía ou non, esta mesma dúbida volve a xurdir agora. Polo que solicitamos unha listaxe dos ingresos por abono da taxa por ocupación de vía pública de todo o ano 2017 e o que vai de 2018.

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que as taxas están establecidas legalmente e que fóra dos supostos recollidos naquela non se eximir do seu pagamento.

De seguido prodúcese un debate ao respecto.

10.- Solicitamos se busque a maneira de dotar ás parroquias, que non o teñan, dun parque biosaludable en concreto temos peticións de Ombre, Andrade e Boebre

11.- Por ser un acceso ao casco histórico moi utilizado e xa telo pedido en varios plenos rogamos o arranxo e recheo dos baches que hai a todo o longo do Empedrado

12.- Pregamos que as podas que se realicen, se fagan no tempo apropiado para que non repercuta no resto da natureza que convive coas árbores. A poda da Calzada que está empezando hoxe por exemplo pon en perigo a multitude de paxaros que nestes días están incubando nas arbores da praza.

13.- Rogamos doten de auga a Fonte Do Pilón

O Sr. Presidente indica que non é posible xa que se vai desmontar toda a rúa.

De seguido, prodúcese un debate sobre o pagamento e/ou exencións de taxas a entidades sen ánimo de lucro pola ocupación do solo na realización de actividades.

Concluídos os rogos, dende o Grupo Municipal do PP formúlanse as seguintes **PREGUNTAS**:

1.- ¿ Qué obras se van a realizar no Camiño do Quinteiro en Centroña?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que o camiño se atopa na parte baixa nun estado moi deplorable e que se vai reparar cunha capa de aglomerado, no que respecta á parte alta, tendo en conta que é moi estreito pretendese acadar unha cesión de terreos pola veciñanza para o seu ensanchamento e posibilitar o tránsito de vehículos.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte pregunta se non se van facer varios muros á veciñanza.

O Sr. Alcalde di que se vai facer un muro, porque é necesario.



2.- Recibimos varias queixas pola demora no pagamento dos premios de Carnaval, parece ser que algunhos xa se pagaron e outros non. ¿A qué se debe a demora e en que punto se atopa?

O Sr. Presidente indica que non se pagou ningún dos premios e que previsiblemente se pagará nos próximos dez días. Fai unha comparativa cos pagamentos de anos anteriores: no 2014, en xullo e en agosto e que no 2015 no mes de xuño estaban sen pagar. Considera que as demoras nos pagamentos derivan dun aumento da burocracia xa que, na actualidade non se permite o pagamento en man, como se facía antes e que ten que ser obrigatoriamente por transferencia bancaria.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte, logo da resposta do Alcalde, fai referencia á necesidade de revisar a hemeroteca.

3.- Despois das declaracións, do alcalde, en plenos e en distintas comisións sobre que as obras do mercado rematarían en xaneiro do 2019. ¿Puxéronse xá en contacto con Xunta e Deputación para negociar a prorroga do convenio do Mercado Municipal?

Dase por contestada no transcurso do punto da orde do día relativo á aprobación da modificación do proxecto.

4.- Informáronnos de que tiveron unha reunión cós comerciantes do Feirón, na que non se lles falou nada dos plans de mellora e cambios anunciados polo Concello dende fai xa unhos anos.

¿Teñen previsto coa chegada do bon tempo e do veran a tan ansiada remodelación do Feirón?

Dna. Yolanda Vázquez Busto, concelleira de Comercio, Cultura e Turismo indica que se mentivo unha reunión sore a reubicación dos postos tendo en conta a obra do mercado e o perímetro de seguridade necesario, na que se expuxo a situación de cada un deles e onde se lles trasladou unha serie de actividades programadas cara a reactivación, coincidindo coa reapertura do Mercado.

5.- No pasado pleno informáronnos de que estaban ultimando os detalles da programación do Feirón Medieval Dos Andrade, poden xa adiantarnos como se vai organizar e cal vai ser a súa programación.

A Sra. Vázquez Busto indica que está adiantada pero que aínda non está pechada, polo que se dará a información máis adiante.

Á pregunta de Dna. Ascensión de Vicente Olarte de como se vai facer, a concelleira delegada de Cultura, Comercio e Turismo informa que se están a recibir propostas de empresas para dinamización e colocación dos postos.

6.-No informe de Tesourería de 31 de Outubro de 2017 dise que se vai derogar no vindeiro pleno a taxa por ocupación de mesas e cadeiras e vaise aprobar unha nova Ordenanza, pasados xa bastantes meses dende este informe en que estado se atopa esta ordenanza e cando teñen previsto aprobala?

Dna. Yolanda Vázquez Busto di que se contratou a unha empresa para a avaliación da situación e as posibles opcións e cumprir coa transitabilidade e que se coñecerá o resultado daquela próximamente e se fará unha valoración.

Dna. Ana Veira García pide intervir para preguntar sobre a contratación dunha empresa.

A Sra. Vázquez Busto di que o estudo custa seis mil euros e que, como dixo, se está a valorar a situación do casco histórico e cales serían as opcións de mobiliario...

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A Sra. Veira García pregunta pola ordenanza relativa aos caixeiros automáticos, ao que o Sr. Alcalde-Presidente indica que se está pendente de informe técnico.

7.- ¿Cantas visitas houbo ao Torreón dende inicios do 2018? ¿Canto se recadou e canto se lle paga á empresa que o xestiona?

A Concelleira de Cultura, Comercio e Turismo, Dna. Yolanda Vázquez Busto indica que ata o día de onte se recibiron 2472 visitas, polas que se recaudaron 1464 euros. Da conta da xestión municipal para coa contratación de persoal para a oficina de Turismo a través de subvencións da Deputación da Coruña para tal fin téndose concedido 12440 euros no 2017 e á espera da resolución de 2018, que se prevé 15341 euros. Indica que, no 2017 se ten concedido ao Concello unha axuda por parte da Deputación da Coruña para a dinamización do centro de interpretación por importe de 9243,65 euros e que, igual que no caso anterior, se está á espera da resolución de 2018. Da conta tamén da axuda da Xunta de Galiza para a contratación de persoal, por importe de 5198,01 euros, cando o máximo eran 5200 e conclúe indicando que se realizan contratacións en épocas nas que se necesitan reforzos.

8.- Despois do informe de Tesourería no que se especifica que hai algúns servizos nos que non funciona a implantación do TPV. ¿Qué medidas van a tomar?

A Sra. Vázquez Busto di que o TPV si que funcionou ao 100% para o pagamento das taxas das actividades deportivas e culturais, se ben habería que mellorar a implantación en Turismo para o que se vai intentar xestionar unha subvención para adquirir un quiosco de cobro que se poda tamén integrar coa páxina web dando así a posibilidade de realizar o pagamento por adiantado.

9.- ¿Pódennos explicar un pouco o novo contrato de axuda no fogar, horas que se aumentan en canto aumenta o contrato, etc.?

Dna. Raquel Caruncho Corral, concelleira de Servizos Sociais, Educación e Deportes, indica que o novo contrato cumprimenta ao anterior, en tanto que se incrementan as horas que dende a Xunta se indicaba no informe, non variando as condicións.

10.- ¿Fixose algo con respecto a situación dos traballadores despois do informe de secretaría?

D. José Simoes Couceiro, concelleiro de Formación, Réxime Interno e Emprego di que, tendo en conta a importancia da pregunta e di que, tendo en conta a responsabilidade na resposta, propón adiar a resposta para o seo dunha xunta de portavoces que se convoque ao respecto.

11.- ¿Van a tomar algunha medida sobre a limpeza das fincas que se atopan en mal estado no termo municipal ou van a esperar a que os veciños se denuncien entre eles?

O Sr. Alcalde-Presidente, D. Bernardo Fernández Piñeiro, di que levan tres anos tomando medidas ao respecto, xa que se están a xestionar multitude de requirimentos de limpeza e que, ademais, todos os anos se dita un bando ao respecto e que hoxe mesmo asinou o deste ano. Informa tamén que, co bando, distribuiranse uns carteis editados pola Xunta ao respecto das distancias, como campaña informativa.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte pregunta se o Concello está adherido ao programa da Xunta ao respecto da prevención de lumes, obtendo unha resposta afirmativa por parte do concelleiro de Réxime Interno, Formación e Emprego, D. José Simoes Couceiro.

Concluída a quenda do Grupo do PP, toma a palabra Dna. Ana Veira García, portavoz do BNG-AA, quen formula os seguintes ROGOS:



#### 1.-Fonte de Quintiá.

Na zona de Castrelo a Breamo atópase esta fonte.

ROGAMOS limpeza e arranxo da mesma.

#### 2.- Información aos centros educativos.

Xa no mes de maio do 2017 fixemos este mesmo rogo.

As actividades desenvolvidas polo concello anúncianse nuns paneis. Bótase en falta a difusión en centros educativos.

PREGAMOS difusión en centros educativos das actividades.

#### 3.- Cartelería...no Casco Histórico.

Nos diferentes negocios do casco histórico hai cartelería, toldos...

SOLICITAMOS control da mesma e información aos comerciantes das características que estas deben ter.

#### 4.- Limpeza do paseo marítimo.

Nas inmediacións do teixo hai proliferación de silvas...

ROGAMOS limpeza e desbroce .

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se realizarán os traballos hoxe ou mañá.

#### 5.- Liña telefónica en Esteiro.

Achegándose á capela de Esteiro hai un poste telefónico moi inclinado que está a forzar o tendido co consecuente prexuízo e perigo que isto conleva.

SOLICITAMOS se fagan as xestións precisas para amáñalo.

O Sr. Presidente di que se volveu chamar para presionar e que se amañe.

#### 6.- Normativa de plantacións.

É preciso que a cidadanía . sexa coñecedora das normas en canto á plantación de diversas especies arbóreas.

PREGAMOS se leven a cabo acción divulgativas das diferentes normas e regulamentos.

O Sr. Fernández Piñeiro di que ven de asinar un bando e que se vai distribuir un díptico informativo relativo ás distancias.

#### 7.- Restos de poda no Río Covés.

Verbalmente púxose en coñecemento no concello do acopio de restos de poda na zona de paso no río Covés que impiden o paso e nalgún caso caeron ao río.

Actualmente a situación continúa igual que hai máis dun mes.

ROGAMOS se leven a cabo actuacións que solucionen esta situación.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O Sr. Alcalde-Presidente di que se denunciou o asunto ante Augas de Galicia.

Dna. Ana Veira indica que o SEPRONA non ten petición de realizar ningún ipo de actuación.

D. José Simoes Couceiro apunta que dende o SEPRONA dixeron que non será da súa competencia.

D. Bernardo Fernández Piñeiro remite á concelleira ao presidente da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil para confirmar a información ao respecto.

Dna. Ana Veira di que lle consta que se ten falado con Augas de Galicia, mais non co SEPRONA.

O Sr. Presidente incide en que a competencia para co asunto tena Augas de Galicia.

### 8.- Formación.

No eido de axuda a domicilio e coidado de persoas maiores, ou dependentes é preciso facer formación tanto para as persoas que traballan neste sector como para os que non.

SOLICITAMOS poñan en marcha actividades de formación.

### 9.- Reparación Avda. Saavedra Meneses.

Xa existen fochancas e firme en mal estado.

É uha vía de vital importancia para a vila.

PREGAMOS o seu arranxo canto antes.

*[Abandona a sesión D. Jorge Serafín Allegue Freire, sendo as 14h15min]*

Concluídos os rogos, a Sra. Veira García pasa a formular as seguintes PREGUNTAS:

#### 1.- Gala do Deporte Eumés.

Vaise celebrar?

Cando?

Dna. Raquel Caruncho Corral, concelleira delegada de Servizos Sociais, Educación e Deportes di que se está á espera do remate das obras do pavillón municipal, que se prevé no mes de maio.

#### 2.-Recollida de trastes.

Pasada xa a metade da lexislatura.

Está planificada xa a recollida de trastes por zonas e con datas concretas para cada unha delas?

Para cando?



O Sr. Alcalde-Presidente indica que se está a concretar o asunto coa empresa para que facilite os datos do tempo que lles leva, tendo en conta que non é o mesmo todos os meses. Di que próximamente.

### 3.- Vespa Velutina.

Xa entrada a primavera.

Que plan teñen para loita contra esta especie invasora?

Teñen xa elaborada unha campaña de divulgación e concienciación?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que é competencia da Xunta actuar sobre o asunto e que o Concello actúa na medida en que o fai protección civil.

D. José Simoes Couceiro, concelleiro de Réxime Interno, Formación e Emprego da conta das actuacións que se teñen realizado o Concello ao respecto da retirada dos niños por parroquias, por parte da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, así como a distribución de material informativo. Indícase que non hai programada unha campaña específica.

### 4.- Emprego Público.

Cofecedores da grave situación do concello no tocante ao cadro de persoal.

Que prazas teñen pensado ofertar?

Para cando?

Dase por contestada na quenda anterior.

### 5.- Día das Letras Galegas.

Cal é a programación para esta conmemoración?

A Concelleira de Cultura, Comercio e Turismo, Dna. Yolanda Vázquez Busto da conta das actividades programadas para a conmemoración da data, ao longo de todo o mes de maio e que comezan o día 11 coa presentación dun libro infantil na Biblioteca Municipal, a entrega do premio do concurso de contos o xoves 17, a presentación do libro disco de Paco Nogueiras o mércores 23 na casa da cultura, o venres 25 presentación do libro "Arelas de liberdade na Galiza. Galegos perante o tribunal de orde pública." e concluirían o 31 coa presentación do libro "Patrimonio da Comarca das Mariñas" na Biblioteca Municipal, ao igual que a actividade anterior, entre outras.

Dna. Ana Veira García pide a instalación de simboloxía, como bandeiras.

### 6.- Acción 51.

" Instalar sinalética con información completa e atractiva sobre a historia dos edificios e vestixios máis destacados do noso concello".

Achégase, de novo, a tempada estival.

Que hai feito neste senso?

Dna. Yolanda Vázquez Busto informa que se ten solicitado unha subvención á Xunta para a mellora de actividades turísticas cun orzamento de 26552 €, sendo o máximo da concesión o 85% do importe solicitado. De seguido da conta do contido da solicitude: renovación de

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

mesas/paneis interpretativos (Igrexa de San Miguel de Breamo, Castelo de Andrade, Miradoiro de Cabria, Xardíns de Lombardero, Alameda de Raxoi) elementos descritivos (Torreón dos Andrade, Igrexa Parroquial de Santiago, edificio de Servizos Sociais, Xardíns de Lombardero, Igrexa das Virtudes), placas (antiga Catedral de Latinidade: actual biblioteca municipal), sinalización e acondicionamento de rutas de sendeirismo (Breamo, Castelo de Andrade).

7.- Horario da oficina de Urbanismo.

Rogo de setembro 2017: *"A atención ao público nesta oficina é de catro horas á semana. Ás veces hai usuarios que non poden ser atendidos."*

Vaise ampliar este horario?

De que xeito?

D. José Simoes Couceiro, concelleiro de Réxime Interno, Persoal e Emprego di que de momento que non xa que non é posible pola carga de traballo. Di que a ampliación do horario de atención ao público implicaría ampliar a plantilla.

8.- Prevención de Incendios.

Estamos nas portas da época de perigo de incendios. O concello debe velar pola previsión esixindo e vixiando que as fincas, cómaros, montes, etc estean nun bo estado para que non sexan foco de lumes. ( rogo de maio 2017)

A Xunta aprobou unha nova normativa a raíz dos incendios.

Que accións teñen pensado realizar?

Teñen pensado facer, alo menos, un bando para limpeza de fincas como primeiro paso de loita contra incendios?

Dase por contestada na quenda anterior.

9.- CEM.

Xa estamos no derradeiro trimestre do curso escolar 17/18.

Vaise convocar o C.Escolar Municipal deste curso ?

Dna. Raquel Caruncho Corral di que está o asunto pendente de marcar data.

10.- Pasos de Peóns.

En repetidas ocasións fíxose este rogo. Ao tempo que se propuxo un pintado con ideas de sensibilización de diversos temas.

Teñen feita xa unha programación?

D.Bernardo Fernández Piñeiro di que xa se pintaron algúns deles e que se está pendente de continuar. Indica que se actuará coa mellora de iluminación e medidas que garantan a seguridade.



A Sra. Caruncho Corral di que dende o goberno local si se barallan actuacións de sensibilización.

11.- Acción 74.

Prometeron retirar vehículos da Praza S.Roque e habilitar unha alternativa.

Que esta feito desta promesa?

O Sr. Alcalde-Presidente di que se está negociando o prezo co propietario dunha parcela e á espera do resultado da taxación e ver o prezo máximo daquela.

**REMATE DA SESIÓN**

Non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e trinta e oito minutos do expresado día. Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.